



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 20 de abril de 2022**.

- ⑩ Apróbase a acta da sesión anterior, celebrada o día 13 de abril de 2022.
 - ⑩ Acórdase formular solicitude á Deputación Provincial de Pontevedra dunha subvención para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ó público en oficinas de turismo INFO RÍAS BAIXAS.
 - ⑩ Dase conta da resolución da Consellería de Cultura, Educación e Universidade pola que publican as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 20/12/2021, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia e se convocan para o 2022.
 - ⑩ Dase conta da a da comunicación da Deputación Provincial das bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o proxecto “Primeira Experiencia Profesional” nos concellos da Provincia de Pontevedra 2022/2023 no marco do programa Plan de Fomento da Empregabilidade.
 - ⑩ Dase conta do edito publicado no BOPPO nº 72 do 13 de abril de 2022, de aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do funcionamento da rede provincial de oficinas de turismo “Info Ríasbaixas”.
 - ⑩ Acórdase conceder licenza de obras de adaptación de nave existente para as actividades de cría de galiñas e cultivo de shitake, na parcela con refª catastral 36026A017001100000LQ, a instancia de Samuel Romero Gallego.
 - ⑩ Dáse conta da resolución de 11/04/22 da Secretaría de Estado de Turismo pola que se publica o Acuerdo de la Conferencia Sectorial de Turismo de 29 de marzo de 2022, polo que se modifica o de 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado á financiación de actuacións de inversión por parte de entidades locais-Plan Recuperación e Resiliencia.
 - ⑩ Dase conta da resolución de 31/03/2022, da Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, na que se resolveu redistribuir as anualidades das subvencións concedidas e fixar o importe definitivo das subvencións, mantendo constante a porcentaxe de financiamento establecida na resolución de concesión e fixar o importe definitivo das subvencións, mantendo constante a porcentaxe de financiamento da resolución de concesión.
 - ⑩ Rogos e preguntas.- Non se formulan
- Documento con sinatura electrónica

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000B935400K2Z6P9U2P000 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">BLANCA ANA ROIG SÁNCHEZ-Secretaría Xeral - 03/05/2022 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Presidenta - 03/05/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/05/2022 12:54:06</p>	<p>EXPEDIENTE : 2022SE001-047 Fecha: 19/04/2022 Hora: 08:48 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--

